

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE OURENSE

#### ASUNTOS SOCIAIS

##### *ACORDO DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR E PARA COMEDORES ESCOLARES, CURSO 2024/2025*

Extracto do acordo da convocatoria pública de axudas en especie para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedores escolares, curso 2024/2025 (exp. 2024003279)

De conformidade co que establecen os arts. 17.3.b. e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

##### Primeiro. Beneficiarios

• Son destinatarios desta convocatoria, nos termos do art. 5 das bases reguladoras, unidades de convivencia en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo residentes no Concello de Ourense que, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, cumpran os requisitos do citado artigo, entre outros:

• Estar empadroados no Concello de Ourense, con tres meses mínimo de antigüidade, todos os membros da unidade de convivencia.

• Non superar os 4.000 € de renda per cápita anual para as axudas de libros e material escolar e os 3.700 € para as axudas de comedores escolares.

• Compútase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ao 33%, e tamén no caso de ser familia monoparental (enténdese por familia monoparental a constituída por unha soa persoa proxenitora ou titor/a con quen convive o/a neno/a, e que sexa a única sustentadora da familia).

##### Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente convocatoria de subvención a concesión de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedor escolar, destinadas a unidades de convivencia en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo do Concello de Ourense que teñan nenos/as ao seu cargo escolarizados/as en centros públicos ou concertados do Concello de Ourense, nos que non se segregue ao alumnado por sexo.

##### Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras estarán ao dispor dos interesados na páxina web do Concello de Ourense [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal)

##### Cuarto. Contía

A concesión das subvencións desta convocatoria será atendida:

• Para axudas de libros de texto e material escolar, ata un importe máximo de vinte e cinco mil euros (25.000 €), con cargo á partida 140.2311.22690 do Orzamento municipal vixente.

- Para axudas para comedores escolares, ata un importe máximo de oitenta mil setecentos setenta e cinco (80.775 €) para o exercicio 2024, con cargo á partida 140.2313.22642 do Orzamento municipal vixente.

- Para axudas para comedores escolares, ata un importe máximo cento oitenta e oito mil catrocentos setenta e cinco euros (188.475 €) para o exercicio 2025, con cargo á aplicación 140.2313.22642 do Orzamento municipal vixente.

#### Quinto. Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou en calquera das formas que dispón o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles, que contarán a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Os impresos de solicitude da subvención estarán dispoñibles na páxina web municipal [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal)

A documentación para presentar xunto coa solicitude será a determinada nas Bases reguladoras.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, para contar desde o día seguinte á recepción da notificación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de recibir a notificación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se considere procedente.

**R. 897**